

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA UXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 30 DE OUTUBRO DE 2013**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:37 horas do día 30 de outubro de 2013, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo (que se incorpora á sesión durante o punto segundo da orde do día), dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá, dona Rita María Couto Seijido e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión**

Toma a palabra o concelleiro delegado de facenda, don Juan José Franco Casal, quen expón que a urxencia da sesión vén motivada polo feito de que o obradoiro de emprego concedido ao concello ten que empezar antes do 1 de novembro.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención do seu grupo ante a falta de previsión deste pleno e non obstaculizar que o asunto se aprobe. Considera, non obstante, un récord que se fagan 3 plenos en 6 días.

A continuación intervén o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que pregunta cal é a maioría precisa para aprobar o asunto.

Tras un breve receso o alcalde infórmalle que a aprobación do asunto require maioría simple e o voceiro do grupo do BNG di que, sendo así, o seu grupo vaise abster para non frear o debate do asunto, pero que, non obstante, teñen dúbidas da urxencia da sesión non senso estrito da palabra porque o obradoiro foi anunciado onte e todo parte dunha convocatoria de maio ou xuño.

A voceira do grupo mixto anuncia a abstención do seu grupo.

**Sometido o asunto a votación queda aprobada a urxencia da sesión por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (4 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).**

### **2. Aprobación, se procede, do levantamento do reparo do expediente de nomeamento de persoal para a realización do obradoiro de emprego Ares-Fene**

Consta no expediente proposta de contratación de persoal para o obradoiro de 29.10.2013, informe de reparo suspensivo da intervención de 29.10.2013 e a seguinte proposta da alcaldía:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 29.10.2013 a alcaldía realiza unha proposta para a contratación do persoal directivo, docente e administrativo de apoio e dos alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego tralo proceso de selección realizado polo grupo de traballo mixto conforme a Orde do 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de 29/10/13 que transcrito di:

#### “INFORME DE INTERVENCIÓN”

**ASUNTO: Proposta de nomeamento de persoal para a realización do Obradoiro de Emprego Ares-Fene. (REPARO Nº 7/2013)**

Con carácter previo quérese deixar constancia do escasísimo tempo hábil ( remitido o día 29/10/13) con que conta esta funcionaria para o estudo e análise do expediente e no que se propón a contratación de diverso persoal dende o día 30/10/2013, polo que as presentes consideracións poderán ser posteriormente ampliadas e/ou matizadas.

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

- Proposta da Alcaldía de 29.10.2013 relativa á contratación do persoal directivo, docente e administrativo de apoio e dos alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego.

En relación co asunto de referencia, e nas funcións de fiscalización que a normativa vixente me outorga -RDL 2/2004- a funcionaria que subscribe emite o seguinte **INFORME:**

**PRIMEIRO.-** No día da data recíbese o expediente do Obradoiro de Emprego Ares-Fene co propósito de proceder á contratación do persoal directivo, docente e administrativo de apoio e dos alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego. O expediente remitido consta da seguinte documentación:

1. Orden de 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.
2. Oficio da Consellería de Traballo e Benestar de 05/08/2013, entrada nº 5973 de 08/08/2013.
3. Notificación de resolución de concesión de axuda para a realización do proxecto Obradoiro de Emprego “Ares-Fene”, entrada nº 04/10/2010, 8656.
4. Documentación relativa ó proceso de selección: aceptación da subvención mediante oficio da Alcaldía de 19/08/2013 por un importe de 195435.24 €; bases para a selección do alumnado e persoal do obradoiro asinadas por catro persoas non identificadas; acta nº 1 do grupo de traballo de 10/09/2013; acta nº 2 do grupo de traballo de 23/09/13; acta nº 3 do grupo de traballo de 25/09/13; acta nº 4 do grupo de traballo de 26/09/13; acta nº 5 do grupo de traballo de 01/10/13; acta nº 6 do grupo de traballo de 08/10/13; acta nº 7 do grupo de traballo de 11/10/13; acta nº 8 do grupo de traballo de 14/10/13; acta nº 9 do grupo de traballo de 15/10/13.
5. Fax remitido á oficina de emprego de Ferrol-Esteiro o 09/10/13 sobre “ publicación da puntuación total”

En canto ó proceso de selección realizado, e sen prexuízo doutras consideracións que poideran realizarse a posteriori debido á urxencia na elaboración do presente informe, debe indicarse como consideracións máis relevantes do exame do expediente o seguinte:

– O capítulo III da Orde do 8 de maio de 2013 (DOG núm. 93 do 16.5.2013) regula a selección e contratación do persoal directivo, docente e administrativo de apoio e dos alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego.

- Toda a selección correspóndelle a un grupo mixto constituído por representantes da Consellería de Traballo e Benestar e da entidade promotora (Ares-Fene), artigo 10.1.
- Conforme ó artigo 10.2 da dita orde ó grupo mixto correspóndelle establecer “*os criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador do obradoiro de emprego*”. No expediente constan unhas bases para levar a cabo a selección asinadas por representantes da entidade promotora e da consellería pero sen que consten aprobadas polo órgano competente.
- Non consta no expediente o nomeamento dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar (artigo 10.1 da orde).
- O 19.08.2013 o alcalde accidental remite á Consellería de Traballo e Benestar o nome dos representantes de Ares-Fene (2) e os seus suplentes (2). Nas actas de selección que constan no expediente interveñen distintos representantes e algúns non coinciden co nome dos representantes remitidos á consellería.
- No expediente constan 9 actas do grupo de traballo mixto sen que conste a documentación que foi obxecto de valoración.
- Segundo o artigo 10.3 da dita orde, rematados os procedementos de selección, o grupo de traballo preparará a relación de persoas seleccionadas elaborando un acta (actas nº 6 e 9) e remitindo un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial da consellería. Non consta a remisión das actas coa relación de persoas seleccionadas á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar.
- Nas bases de selección que constan no expediente, sinálase “*O grupo mixto de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses dos candidatos de acordo sempre co disposto na Lei 30/1992*”. No expediente non consta a publicación dos resultados nin de outros actos de trámite que puidesen afectar ós interesados.
- A entidade promotora contratará ás persoas seleccionadas polo grupo de traballo mixto conforme ó artigo 13.

**SEGUNDO.-** En canto á existencia de crédito adecuado e suficiente para a execución do proxecto do Obradoiro de Emprego Ares Fene, por un importe de 195435.24 € (fgastos de formación, funcionamento e gastos salariais de alumnos traballadores) máis 34761.75 € (gastos do proxecto de obras a executar) , cómpre advertir que a resolución da Consellería de Traballo e Benestar de 01/10/2013 pola que se notifica a concesión da subvención por importe global de 195435,24 € determina que a subvención ten como finalidade o financiamento dos gastos de formación e funcionamento así como os gastos salariais dos alumnos.

A proposta que se somete a informe é a contratación do persoal do Obradoiro de Emprego sendo as actuacións que van executar as contidas no proxecto de obras redactado por Olivia Souto Feiria en xuño de 2013 e que consisten basicamente en :accesos a praza, parque público de Casas de Castro e parque público Rosalía, obras que estan orzamentadas en 34.761,75 euros (IVE incluído). Ditas actuacións non están subvencionadas pola consellería e deben ser financiadas polo propio Concello **sen que exista neste momento crédito suficiente e adecuado no Orzamento do ano 2012 prorrogado neste exercicio 2013**.

#### CONCLUSIÓNS:

De conformidade co disposto no artigo 216.2 a) emítase **INFORME DE REPARO SUSPENSIVO** por insuficiencia de crédito no orzamento de 2012, prorrogado para a execución do proxecto de obras do Obradoiro de Emprego Ares Fene, correspondendo ó **Pleno da Corporación a resolución da discrepancia** plantexada no punto segundo do informe, de acordo co artigo 217.2 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o TRLRFL.

Así mesmo, pónense de manifesto as deficiencias sinaladas no punto primeiro do informe.

Fene, 29 de outubro de 2013.

A interventora

Marta Roca Naveira”

Considerando que segundo se pon de manifesto no informe da Intervención que é competencia do Pleno da corporación conforme ó artigo 217.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo o levantamento do reparo suspensivo, e sendo improrrogable o inicio do Obradoiro de Emprego (antes do 1 de novembro do 2013) e ante a insuficiencia de crédito estímase conveniente que se levante o reparo formulado pola intervención municipal polo Pleno da corporación municipal sen prexuízo de que con posterioridade se incoe por esta Alcaldía as modificacións de crédito oportunas para habilitar o crédito necesario para a execución do proxecto de obras a que vai ligado o Obradoiro de Emprego Ares FENE.

Polo anterior, esta alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención con data de 29 de outubro de 2013 polos motivos expostos na parte expositiva da presente.

Fene, 29 de outubro de 2013  
O alcalde  
Gumersindo P. Galego Feal”

Inicia o turno de debate o concelleiro delegado de facenda don Juan José Franco Casal que di que o obradoiro ten unha subvención concedida e non figura partida orzamentaria no orzamento prorrogado para el, sendo preciso habilitar crédito para as nóminas do profesorado para o cal é preciso primeiro levantar o reparo posto pola intervención.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención do seu grupo e di que inda que fora aprobado o orzamento que se trouxo a pleno a semana pasada, tampouco habería crédito porque inda non estraría en vigor, polo que o que ve no asunto é improvisación.

Di que van seguir na liña do que anteriormente dixo o seu grupo, de que ían favorecer calquera investimento que tivera risco de ser perdido, pero dubida, vendo a redacción da proposta, que o asunto sexa de competencia plenaria, xa que lle parece que tecnicamente sería do alcalde.

O alcalde dille ao voceiro que no informe da intervención aclárase cal é o órgano competente.

De seguido intervén o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que non tiveron acceso ao expediente ao ser convocados ás tres da tarde, pero que tamén eles tiñan a dúbida da competencia.

Di que vincular isto ao orzamento é unha trapallada e que se fora feito como o seu grupo lle dixo ao equipo de goberno, isto non pasaría. Considera que dende que se sabía que o obradoiro fora concedido xa se podía ter feito unha incorporación de crédito.

Prosegue dicindo que lle dá a impresión de que isto é unha chantaxe como método, traendo un asunto que empeza mañá e hai que aprovalo. Di que veu o obradoiro anunciado onte na web e pregúntase que pasaría se o pleno non aprobara isto hoxe; califica isto como un despropósito, máxime cando a orde reguladora da Xunta vén ben regulada, e di que isto nunca pasou no concello cando en Fene hai obradoiros dende o 92 ou 93.

Remata anunciando a abstención do seu grupo porque queren que Fene teña a escola e que todo vaia ben, pero o método non lles gusta nada.

Por parte do grupo mixto, a concelleira dona M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodríguez di que comparte o manifestado polo BNG e di que é a primeira vez que vén a un pleno sen ver a documentación, o que non lle parece ben, máxime cando este asunto leva sobre a mesa hai meses.

Remata dicindo que en calquera outra ocasión que se traian os asuntos así a un pleno vai votar en contra.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención con data de 29 de outubro de 2013 polos motivos expostos na parte expositiva da presente.**

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 8:51 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas